

ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y LA ENTIDAD SIEMENS HEALTHCARE S.L.U, PARA LA PARTICIPACIÓN EN LA CONMEMORACIÓN DEL 25 ANIVERSARIO DE LAS TRANSFERENCIAS SANITARIAS A LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade SIEMENS HEALTHCARE S.L.U o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende a súa sinatura ata a realización do evento e o cumprimento íntegro das obrigas asumidas polas partes, sen que se estenda, en ningún caso, máis alá do 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación da entidade SIEMENS HEALTHCARE S.L.U na mostra expositiva que, baixo o título 25 ANIVERSARIO DAS TRANSFERENCIAS SANITARIAS A GALICIA: 25 ANOS COIDANDO DE TI, se celebrará entre os meses de xullo a setembro de 2016 no Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, co obxecto de dar a coñecer os datos máis significativos da actividade asistencial do SERGAS, a promoción da doazón de órganos e de sangue, o coñecemento da evolución dos medios diagnósticos e terapéuticos e a posta en valor, en suma, da labor dos profesionais do sistema sanitario público durante estes 25 anos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No apoio e colaboración que a entidade SIEMENS HEALTHCARE S.L.U presta aos distintos actos conmemorativos que vén realizando o SERGAS co fin de divulgar os

distintos cambios organizativos, asistenciais, tecnolóxicos e normativos que se produciron dende as transferencias e funcións do INSALUD á Comunidade Autónoma de Galicia. Que a entidade SIEMENS HEALTHCARE S.L.U ten entre os seus obxectivos traballar para ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a calidade de vida dos pacientes, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

Por este motivo, a entidade citada está interesada en participar e colaborar en forma de patrocinio no desenvolvemento das actividades divulgativas e formativas que se están realizando, contando tamén coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores dos servizos sanitarios, a fin de sumar o seu apoio á conmemoración do 25 aniversario ao que se refire o acordo asinado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de setembro de 2016.